

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 1º E 2º DE PRIMARIA (INGLÉS)

Os criterios de cualificación destes dous cursos niveis serán os que seguen:
Debemos ter en conta que debido á pandemia poderémonos atopar con tres posibles supostos que quedaran detallados de seguido.

Suposto Presencial 100%

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	% CUALIFICACIÓN
<ul style="list-style-type: none">• Emprego correcto do novo vocabulario e estruturas a nivel oral. (15%)• Emprego correcto do novo vocabulario e estrutura a nivel escrito. (15%)• Participación activa (oralidade) alumno-alumno, mestre-alumno. (15%)• Mostra interese pola materia e a aprendizaxe dunha lingua e culturas estranxeiras. (15%)	60%
<ul style="list-style-type: none">• Realización de probas escritas (fichas) durante e ao final de cada tema, onde avaliamos as 4 destrezas básicas: listening, speaking, reading e writing.	25%
<ul style="list-style-type: none">• Libreta ou fichas ben presentadas.• Resposta cando se lle pregunta na aula.• Trae as tarefas feitas da casa cando se lle manda.	15%

Suposto Confinamento:

No caso de haber un confinamento do grupo-clase, teremos en conta os criterios do **Suposto Presencial 100%** ata o día anterior ao primeiro día de confinamento e, unha vez comezado este:

Levaremos a cabo un ensino dixital desde a **Aula Virtual** do **CPI Armando Cotarelo Valledor**, onde colgaremos tódalas actividades que serán elaboradas online polo alumnado.

Actividades Dixitais:

- 1- Elaboraremos un número determinado de actividades por semana (a negociar cos pais e nais porque debemos analizar a dificultade da conexión a internet de varios alumnos e alumnas) que serán avaliadas de 1 a 10 puntos.
- 2- Serán publicadas e terán data de entrega. De non seren entregadas a tempo, o exercicio terá un 0.
- 3- Faremos nota media aritméticas de todas as actividades feitas.
- 4- Para acadar a nota media conseguida deberán terse entregado entre o 85-100% das actividades. A nota final estará comprendida entre 7 e 10 de estar ben feitas e entre 1 e 6 no caso de non estar correctamente realizadas.
- 5- Se se entregan entre un 75-85% a nota máxima que se poderá acadar será de 7 puntos e mínimo de 1(se non están ben feitas)
- 6- De entregar menos do 75% das tarefas propostas a nota final estará comprendida entre o 1 e o 5.
- 7- Os pais e nais estarán en todo momento informados e se lles prestará toda a axuda que precisen, pois pode haber casos no que as dificultades tecnolóxicas impidan un normal funcionamento das actividades. Neste caso, actuaremos en consecuencia e sempre tendo en conta cada situación particular e as súas circunstancias, sempre **en prol do alumnado**.
- 8- De non poder facer uso da tecnoloxía porque esta non chegase a casa dalgún alumno en particular, verémonos na obriga de traballar con fichas que se lle farán chegar a casa e serán enviadas ao mestre vía Whatsapp, correo electrónico ou o medio estipulado entre os pais e o profesor para a súa corrección e avaliación.

Suposto: Confinamentos temporais:

Pode darse o caso de alumnado que ten que facer corentenas, ben por ser positivos en Covid-19 ou ben por precaución. Neste caso, faremos unha **mestura dos supostos Presencial 100% e Confinamento.**

Avaliaremos ao alumno en función do que levase feito na aula(de forma presencial) e continuaremos a avaliación de forma dixital como explicamos anteriormente no suposto confinamento 1. Tentaremos equilibrar as porcentaxes e ser o máis xustos posibles cos alumnos. Pois non é o mesmo que a persoa estea confinada sufrindo a doenza que non ter síntomas. Deste xeito, iremos actuando en función dos acontecementos.

Ferramentas de Avaliación:

- 1- Observación diaria.**
- 2- Análise do traballo da casa cando se manden tarefas.**
- 3- O traballo diario na aula.**
- 4- Como elabora e presenta o traballo realizado.**

Importante:

Non se levarán a cabo exames escritos nestes dous niveis. A nota que se acada en cada avaliación responde da obtida da **táboa do Suposto Presencial 100%** e no caso de confinamentos, queda especificado o valor das actividades en cada suposto.

A **nota final, será a nota aritmética das 3 avaliacións.** Cando o nota media final acabe en decimal entre .50 e .99, porase o enteiro superior seguinte. De estar entre 0.1 e 0,49 manterase o enteiro.

Exemplo 1: Nota media: $5+6+5=16/3= 5,33$ Nota final= 5

Exemplo 2: Nota Media: $6+7+7=20/3=6,66$ Nota Final= 7

Avaliación Negativa

Entenderemos que a avaliación é negativa cando a nota media das tres avaliacións sexa inferior a 5, sendo considerada suspensa. Suspende unha avaliación non implica suspender o curso académico. Unha avaliación suspensa enténdese superada se a seguinte avaliación estivese aprobada.

Se a avaliación suspensa é a terceira, farase nota media das tres avaliacións, de conseguir menos de 5, enténdese que o curso non está superado.

En educación primaria, se a media das tres avaliacións resultase 4,5 deberemos redondear ata o 5, resultando aprobada.

Os **mínimos esixibles** para estes dous cursos seran:

- Recoñecer e reproducir a metade das palabras traballadas en cada centro de interese.
- Nomear algúns membros da familia, obxectos da aula, as partes da casa, as partes do corpo, animais domésticos e salvaxes, alimentos e froitas, a roupa, os xoguetes.
- Contar ata 10.
- Seguir instrucións sinxelas.
- Recoñecer e reproducir seguindo un modelo os fonemas característicos da lingua inglesa e as pautas de entoación e ritmo en palabras e frases sinxelas.
- Captar o sentido global de mensaxes orais sinxelas con apoio visual e xestual propios do desenvolvemento normal da clase e sobre temas coñecidos.
- Participar de forma guiada en situacións de comunicación propias do desenvolvemento da aula e simuladas.
- Conseguir como mínimo aqueles estándares de aprendizaxe cuxas porcentaxes de peso específico sexa do 100% e un 50% dos obxectivos específicos da materia, especificados no apartado 3.1 desta programación.

De non alcanzalos, entenderase que a materia non poderá ser superada.

Recuperación de materias pendentes:

Se ao inicio do curso nos atopamos con un alumno/-a que teña Inglés suspenso do curso anterior, entenderase superado ese curso suspenso sempre que supere dúas avaliacións do curso que estea a desenvolver (1ª e 2ª, 1ª e 3ª ou 2ª e 3ª)